

▢ *redacción* > *ferrol* ▢▢ .

Os espectáculos na rúa deseñados polo Concello de Ferrol para animar as xornadas máis emblemáticas do Nadal comezan mañá venres con actuacións de cuartetos de cámara e da compañía Viravolta.

Os cidadáns que fagan as últimas compras atoparanse, ás doce do mediodía, en Canido e en Ferrol Vello, cun concerto sorpresa ó aire libre, nun lugar protagonizado por música clásica e en outro máis centrado no jazz.

Á mesma hora, polas rúas da Magdalena desenvolverase o espectáculo “Titiriteiros”, con cabezudos e tamén con música en directo. Nunha das pezas o público asistirá á voda entre unha marquesa e un conde, na praza da vila. Na outra, un crocodilo escapa do circo e o seu domador tentará levalo de novo para a súa casa. Un presentador zancudo (Pepablo) e a música dunha charanga (Anxo García, Xulio Balado e Fran Lareu) completan a escena.

Á tarde, en torno ás 17.30 horas, tamén na Magdalena actuará un cuarteto clásico. Ademais, os membros do Toxos e Froles cantarán panxoliñas.

Este programa repetirase, con algunhas variacións, o sábado. De novo ás doce do mediodía actuarán dous cuartetos, un en Canido e outro en Ferrol Vello. Na Magdalena haberá un particular “Frautista de Hamelín”, do que se encargará a compañía Viravolta. A melodía do músico será a solución ó caos que un grupo de ratos sementan na cidade. Así, o acordeón de Carlos Quintá, e os percusionistas Fran Lareu e Anxo García seguirán ó frautista Antonio Taboada polas rúas. A actividade na Magdalena rematará ás 17.30 horas cun cuarteto.

Os concertos e actividades teatrais volverán protagonizar os actos dos días 30 e 31.